

Proxecto Cartografías Téxtiles.

Algunhas claves para axudarvos a participar.

En que consiste?

Trátase dunha instalación participativa composta por pequenas pezas téxtiles (cadrados de tea de 10x10cm), que estará no Museo do Pobo Galego do 4 ao 30 de abril. Está organizado por APECV (Portugal) e coordinado en Compostela polo grupo C3 (xestionado por Cristina Trigo e María Jesús Agra). Conta coa colaboración do Museo do Pobo Galego e da Facultade de Ciencias da Educación da USC.

Esta instalación englobase nun proxecto internacional itinerante que ten como eixe temático o obxectivo 16 de Desenvolvemento Sostible da axenda 2030 das Nacións Unidas: promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.

Polo tanto, esta instalación ten como obxectivos reflexionar sobre a relación coa contorna e o territorio, favorecer a cohesión social a través do coser, e fomentar o activismo medioambiental e a relación coa identidade e o patrimonio.

Se queredes saber máis do Proxecto en xeral, [pinchade aquí](#).

Por que participar?

Porque, pensamos que a través deste proxecto, podedes darlle visibilidade ao téxtil, parte esencial da sociedade e, en particular, da historia invisible das mulleres. Porque este tipo de accións artísticas permiten espallar ideas e favorecen a participación e os proxectos comunitarios. Porque a arte téxtil pode concibirse como un espazo de resistencia, de denuncia, de poética, de liberdade e experimentación. Porque o coser favorece a cohesión grupal. Porque o medio ambiente nos necesita e precisamos imaxinar e explorar outros xeitos de ser e estar...

O tema: “Dálle voz ao lugar”

En cada sitio onde se organiza a instalación decídese un tema, o escollido aquí é "o lugar".

Para comezar propoñemos facer unha reflexión sobre as implicacións que ten para ti (ou para vós) o “lugar”. Que o configura ou como define a túa/vosa identidade, que é o que te/vos fai sentir que pertences a ese lugar, refírese a un territorio ou pode ser simbólico, emotivo...?

Os materiais.

A partir desa reflexión pensade estratexias e buscade referentes que vos axuden a levar a idea a unha tea de 10x10cm.

Empregade as técnicas que consideredes máis axeitadas: coser, pintar, colaxe...

[Nesta ligazón](#) do Grupo C3 achegámosvos un kit onde podedes ver algúns exemplos e sacar ideas.

Por que 10x10 cm?

Este é un proxecto itinerante polo que a medida da tea está pensada para que as pezas poidan viaxar a outros países como unha carta postal xa que ocupan e pesan pouco. Isto facilita a súa democratización e a visibilidade dos traballos en comunidades de diferentes países que tamén participan no proxecto.

Se queredes que a vosa peza itinere, cando nos enviades o material, tamén precisamos que nos deixedes por escrito o consentimento.

Como podemos participar?

De xeito individual ou en grupo enviando as pezas por correo postal ao Museo do Pobo Galego ou levándoas en man no horario de apertura do museo. As pezas recibidas formarían parte da instalación que se exporá durante o mes de abril.

O enderezo postal é o seguinte:

Departamento de Educación
Museo do Pobo Galego
Costa de S. Domingos s/n
15703 Compostela
No remitente, poñede "Cartografías Téxtiles" e o voso nome (se queredes) e enderezo, por se houber algún problema.
Se o desexas, achega unha breve explicación do traballo realizado.

Cal é o prazo?

A data límite para recibir as pezas téxtiles é o 28 de marzo.

Que facemos coas dúbidas?

Escribídeas a servizosdeac@museodopobo.gal

Proxecto Cartografías Téxtiles: organizado por APECV (Portugal).

Coa colaboración do Museo do Pobo Galego e a Facultade de Ciencias da Educación (USC).

Coordinadoras do proxecto en Santiago de Compostela: María Jesús Agra, Cristina Trigo (Grupo C3).